- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto se prezuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente ao seu dereito.

R. 1808

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19005019 DO 06/06/2019

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo, en funcións.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2016, adoptou o acordo número 1/848, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2016, e nos seu anexo figura, entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“- Grupo C2: escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda de promoción interna). Denominación: mestre/a electricista.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 299, do 30 de decembro de 2016, e DOG número 40, do 27 de febreiro de 2017.

Por outra parte, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, adoptou o acordo número 6/174, de modificación da oferta de emprego público para o ano 2016, e no seu anexo figura, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

“- Grupo C2: escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda de promoción interna). Denominación: mestre/a electricista.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e DOG número 127, do 5 de xullo de 2017.

As "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 (publicadas integramente no BOP de Lugo, número 256, do 7 de novembro de 2014).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de decembro de dous mil dezaioito, adoptou o acordo 11/703 MODIFICACIÓN DAS "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", o cal foi publicado no BOP de Lugo número 39 do 15 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de maio de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o seguinte acordo 11/326 PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE MESTRE ELECTRICISTA, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2016).

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Mestre Electricista pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014. As ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 256, do 7 de novembro de 2014, como polas bases específicas aprobadas por acordo 11/326 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na sesión do 23.05.2019, que seguidamente se transcriben:

“1º.- OBXECTO.- É obxecto destas bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Mestre/a Electricista do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES AO CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014.

As ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 256, do 7 de novembro de 2014.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: mestre/a electricista

b) Grupo de titulación: C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

- Clase: persoal de oficios

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4°.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- a) Técnico en Equipos e Instalacións Electrotécnicas, Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas, Técnico en Electricidade ou Técnico-Instalador en Mantemento Eléctrico.
- b) Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente ao grupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promove.
- c) Estar en posesión do permiso de conducir C.

5°.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo, e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno nas sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarios do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ao concurso-oposición deberán alegar os méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010 e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos aos solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6°.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polas persoas aspirantes no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7°.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar por escrito un cuestionario composto por 20 preguntas relativas ao contido do programa de materias específicas. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 30 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,5 puntos. A mal contestada restará 0,166, e puntuará con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ao segundo, deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos.

O exercicio que propoña o tribunal terá catro preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán as preguntas que, se é o caso, puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 4 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 30 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 2 horas, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán ou poderán ir provistas as persoas aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ao disposto na base décimo sétima letra C, das bases aprobadas pola Xunta de Goberno o 2 de xuño de 2010 modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e o 15 de outubro de 2014 que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementárase coa correspondente á fase de concurso.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- Regulamento electrotécnico de baixa tensión: obxecto. Campo de aplicación. Redes de distribución. Instalacións de iluminación exterior. Tipos de subministración. Acometidas e instalacións de enlace. Instalacións interiores ou receptoras. Receptores e posta a terra. Execución e posta en servizo das instalacións. Mantemento das instalacións.

Tema 2.- REBT: instrucións técnicas complementarias: ITC-BT-04: documentación e posta en servizo de instalacións. ITC-BT-05: verificacións e inspeccións.

Tema 3.- REBT: instrucións técnicas complementarias: ITC-BT-09: instalacións de iluminación exterior. ITC-BT-10: previsión de cargas para subministracións en baixa tensión. ITC-BT-11: redes de distribución de enerxía eléctrica. Acometidas.

Tema 4.- REBT: instrucións técnicas complementarias: ITC-BT-12 a 17. Instalacións de enlace.

Tema 5.- REBT: instrucións técnicas complementarias: ITC-BT-18. Instalacións de posta a terra.

Tema 6.- REBT: instrucións técnicas complementarias: ITC-BT-28. Instalacións en locais de pública concorrencia. ITC-BT-30. Instalacións en locais de características especiais.

Tema 7.- REBT: instrucións técnicas complementarias: ITC-BT-31 a 34. Instalacións con fins especiais. Piscinas e fontes. Máquinas de elevación e transporte. Instalacións provisionais e temporais de obras. Feiras e *stands*. ITC-BT-44. Instalación de receptores. Receptores para iluminación.

Tema 8.- Coordinación entre proteccións. Selectividade entre interruptores diferenciais. Selectividade horizontal. Selectividade entre interruptores automáticos.

Tema 9.- Centros de transformación: función, tipoloxía e características xerais. Características construtivas e de localización. Celas: tipos e elementos. Esquemas. Transformadores: funcionamento, regulación, acoplamento e proteccións.

Tema 10.- Corrente alterna trifásica: sistemas. Medida de potencias. Corrección do factor de potencia. Distribución en baixa tensión. O condutor eléctrico. Correntes de cortocircuíto.

Tema 11.- Cálculo eléctrico dos condutores das liñas eléctricas de baixa tensión. Caída de tensión en corrente alterna. Parámetros de liña. Efecto da indutancia e capacitancia nunha liña eléctrica trifásica.

Tema 12.- Transformadores trifásicos. Relación de transformación nominal. Devanados. Desfase entre primario e secundario. Bornes do transformador. Polaridade dos bornes. Grupos de conexión. Tensión de cortocircuíto. Caída de tensión óhmica. Tensión de dispersión. Perdas e rendemento dun transformador. Ventilación de celas.

Tema 13.- Tarifas eléctricas e partes da factura eléctrica. Tarifa eléctrica de PVPC, potencia de facturación, tarifación con maxímetro, discriminación horaria, termo de enerxía reactiva e tarifas de acceso en BT.

Tema 14.- Corrección do factor de potencia. Causas dun baixo factor de potencia, necesidades de compensar o factor de potencia. Modalidade de compensación. Instalación da batería de condensadores.

Tema 15.- Prevención de riscos laborais. Real decreto 614/2001 sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico. Traballos sen tensión, traballos en tensión, traballos en proximidade. Definición e medidas preventivas.

Tema 16.- Prevención de riscos laborais. Traballos en altura. Equipos de protección colectiva e individuais para traballos sobre escaleira e plataforma elevadora.

9º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionárase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionárase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

10º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución, ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto se prezuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente ao seu dereito.

R. 1809

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito (S.C. núm 2/2019) do vixente Orzamento Municipal para 2018, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público do acordo inicial de aprobación da mesma, adoptado en sesión plenaria do 25 de abril de 2019, publicado no BOP nº 112 do 18 de maio de 2019.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos relativos á modificación aprobada é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe
15100.62200	Investimentos novos en edificios e outras construcións.	503.231,05 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	503.231,05 €

Lugo, 20 de xuño de 2019.- A EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

R. 1819

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria consistente en modificación base execución número 24.E) do vixente Orzamento Municipal 2019 prorrogado do 2018, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público do acordo inicial de aprobación da mesma, adoptado en sesión plenaria do 10 de maio de 2019, publicado no BOP nº 112 do 18 de maio de 2019, do seguinte teor:

Base 24.E) Subvencións Nominativas 2019

SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2019

Aplicac.Presup.	Area	NIF	Finalidade	Importe
17000.48900	MEDIO AMBIENTE			
	Sociedad Protectora Animais e Prantas	G27020460	Proxecto coidado dos animais abandonados, campañas publicidade e	105.000,00

		colaboración na identificación de cans mediante microchip	
		TOTAL	105.000,00
23179.48900	SERVICIOS SOCIAIS		
“	Asociación lucense de axuda a enfermos mentais (ALUME)	G27198977	Pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais 10.000,00
”	Cruz Roja Española	Q2866001G	-Proxecto mantemento piso acollida inmigrantes e emigrantes retornados (6.250 €) - Proxecto actuacións específicas transeúntes e persoas sen fogar (6.250 €) 43.457,64
“	Asociación síndrome de DOWN de Lugo	G27202043	Proxecto autonomía persoal e social 5.000,00
“	Asociación de persoas xordas de Lugo	G27021187	Intérprete lingua de signos: servizo e mantemento 9.500,00
“	Fundación Secretariado Xeral Xitano	G83117374	Programa operativo de Inclusión Social e Economía Social Acceder 38.000,00
“	Confederación GALEGA de persoas con discapacidade. COGAMI	G32115941	Proxecto fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo 10.000,00
“	Asociación Española contra el cáncer	G28197564	Atención integral as persoas diagnosticadas de cáncro de mama 2.500,00
“	Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFALU)	G27285980	Actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias 10.000,00
“	Asociación penitenciaria Concepción Arenal	G27119809	Xornadas penitenciarias lucenses e servizo de información, orientación e atención social 5.000,00
“	ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	G27018365	Campamento de verán 16.000,00
“	José Antonio Vázquez Gómez	33318564M	Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con discapacidade no Concello Lugo 2.000,00
“	Ovidio Aira Carreira	33852090T	Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con discapacidade no Concello Lugo 2.000,00
“	José Luis Fraga Martínez	33302112K	Mantemento vehículo taxi adaptado para 2.000,00

“	Alberto Vieites Pérez	77595007E	persoas con discapacidade no Concello Lugo Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con discapacidade no Concello Lugo	2.000,00
“	Miguel Seijas Yáñez	33329497J	Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con discapacidade no Concello de Lugo	2.000,00
“	ALUSOR Asociación Lucense de Sordos	G27292986	Servizo de intérprete lingua de signos	9.500,00
“	Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física (AUXILIA)	G08317059	Proxecto “por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal	12.000,00
“	ASPACE LUGO Asociación de persoas con parálise cerebral de Lugo	G27178904	Mantemento do local social	5.000,00
“	Asociación de promoción e integración gitana de Lugo	G27017987	Mantemento do local social e actividades	10.000,00
“	Asociac.de dano cerebral adquirido sobrevido (ADACE LUGO)	G27337278	Rehabilitación e mantemento das instalacións da sede social	8.000,00
“	Asociación Leticia Cativa	G32298101	Acollemento estival en familias luguesas de persoas menores ruras afectadas pola radiación de Chernobyl	3.000,00
“	Solidariedade Galega co Pobo Saharai	G15924558	Vacacións en Paz	7.000,00
“	FEAFES-GALICIA (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	G15545353	Servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental	5.000,00
“	Cáritas Diocesana de Lugo	R2701016D	Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social	9.000,00
“	Alcer Lugo	G27015866	Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do Ril	2.500,00
“	Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Lugo. Cogami Lugo	G27219773	Información, Orientación e Asesoramento	9.000,00
“	Raiolas-Lugo. Asociación de pais/nais de persoas con trastornos do espectro autista	G27255991	Escola de familias	2.000,00
“	ALUCEM.Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple	G27209535	Actividades destinadas a persoas afectadas	2.500,00
“	ACADAR. Asoc. de mulleres con discapacidade de GALICIA	G70223417	Emprego e Saúde a través do Empoderamento	3.000,00
“	Federación Gallega de Asociaciones en favor de las personas con discapacidad intelectual o del desarrollo (FADEMGAPLENA INCLUSION SOCIAL)	G36620037	Servizo de Información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de	2.000,00

	GALICIA)		apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento	
“	Fundación Anade	G83157818	Semana Cultural sobre a discapacidade en Lugo	2.500,00
“	Asociación Galega de Hemofilia	G15220577	Escola de Formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo	2.500,00
	TOTAL			253.957,64
23171.48900	MULLER			
“	Club Emeve	G27041490	Promoción do voleibol feminino	3.500,00
“	SDC Milagrosa	G27152131	Campionato de Liga feminina	2.000,00
“	Club Patíns Lóstregos Lucus	G27267483	Liga Oro feminina hockey liña	2.000,00
“	Asociac.de viuvas Julia Minguillón	G27013697	Talleres de autoestima e coidado persoal	1.000,00
“	Club Porta XI Club de Baloncesto-C-08514 (Doce meses doce causas)	G27324284	Torneo Cuadrangular Feminino Nadal	3.500,00
“	Club Feminino de Hockey “Meigas”	G27250844	Participación liga e mantemento da escola feminina de patinaxe e hockey liña 2019	3.100,00
“	Club Natación PortaMiña	G27268531	Natación sincronizada 2019: Muller e auga	2.500,00
“	Asociación de mulleres a Casiña de Esperante	G27250356	Obradoiros promoción do benestar social da muller da zona rural de Lugo	1.000,00
“	Club Atletismo Lucus	G27033836	Tempada 2018-2019	2.000,00
“	Club Fútbol Sala Feminino Cidade de Lugo	G27341924	Tempada 2018-2019 práctica deportiva e promoción deporte muller	1.000,00
“	Club Deportivo Adarve Lugo	G27282417	Tempada deportiva 2018/19	1.500,00
“	Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual de Lugo (Alas de Lugo)	G27291814	Conmemoración día do orgullo LGTB	2.000,00
“	Asociación ARELAS	G27820182	Proxecto e visibilización da diversidade sexual	2.000,00
“	ALIAD-UTREIA	G27021120	Proxecto piso de acollida Programa Donas	5.260,00
	TOTAL			32.360,00
33000.48900	CULTURA			
“	Grupo cinematográfico "Fonmiña"	G27011865	Semana Internacional de Cine de Autor 2019	20.400,00
“	Asociación de amigos do Jazz "Escobijazz"	G27112796	XXV Festival de Jazz de Lugo	22.000,00

"	Universidade Santiago Compostela (Lugo cultural)	Q1518001A	Proxecto Lugo Cultural 2019	20.000,00
"	Circulo das Artes	G27006238	Gastos de mantemento por celebración de actividades municipais no Salón Rexio	5.500,00
"	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	G27161496	Xuven Lugo 2019	7.000,00
"	Asociación Prov. de Hostelería	G27021005	Concurso de Tapas	18.000,00
"	Fundación Manuel María	G70109376	Contribuir á conservación e divulgación do legado e memoria de Manuel María	4.000,00
"	Sociedad Filarmónica Lucense	G27013069	Celebración Concertos Tempada 2019	4.000,00
"	Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega	G15039936	Celebración de Gala das Letras- Premios AELG 2019	6.000,00
"	Asociación Correlingua	G703256683	Celebración Carreira pola Lingua	3.000,00
	TOTAL			109.900,00
34100.48900	DEPORTES			
"	C.D.Lugo	A27447382	Gastos Tempada e promoción do deporte de base	82.500,00
"	Club fluvial	G27008549	Torneos tenis, piragüismo, natación e outros	20.000,00
"	C.B.Breogan,S.A.D.	A27156496	Gastos Tempada e promoción do deporte de base	100.000,00
"	Club Porta XI Club baloncesto Ensino	G27324284	Gastos Tempada e promoción do deporte de base	75.000,00
"	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial	G27139013	Gastos Tempada e promoción do deporte de base	33.000,00
"	Asociación cultural e deportiva FEFEME	G27268390	Triatlón do Miño, Duatlón Lugo e carreiras populares	25.000,00
"	Club Boxing Cidade de Lugo	G27322163	Veladas boxeo	10.000,00
"	Prone Lugo, A.D.	G27210376	práctica deportiva e promoción deporte	30.000,00
"	Escudería Miño	G27166677	Gastos Tempada e promoción do deporte de base	25.000,00
"	Club ciclista cidade de Lugo	G27242825	Rallye San Froilán	25.000,00
"	Real Aereo club de Lugo	G27008341	Volta ciclista, escola, e gastos tempada	7.000,00
"	Club voleibol EMEVE	G27041490	Criterium	65.000,00
"	C.N. Portamiñá Lugo	G27268531	aeronáutico e Campionato de Tiro	8.000,00
"	Federación galega de loita e D.A.	V36651081	Gastos Tempada e promoción do deporte de base	2.000,00
"			Xornada Norte da Liga práctica	

			deportiva e promoción deporte	
“	Federación Galega de Judo	G15109267	Sector Noroeste	3.000,00
“	Club Academia lucense de Balonmán	G27397512	Campus, escolas e torneos	3.000,00
“	Federación galega de Fútbol sala	V15125206	Campionato de España	3.000,00
“	Federación galega de Piragüismo	G36040764	Campionato galego de promoción	1.500,00
“	Federación galega de Atletismo	G15103500	Memorial Gregorio Pérez Rivera	4.000,00
“	APSX Sagrado Corazón	G27118934	Torneos e campus	2.000,00
“	Club Ciclista Milagrosa	G27033224	Gran Premio Ciclista práctica deportiva e promoción deporte	4.000,00
“	C. B. Estudiantes	G27032127	Gastos Tempada e práctica deportiva e promoción deporte	15.000,00
“	Club Baloncesto Cidade de Lugo	G27344423	Campus	2.500,00
“	A Venatoria de Lugo	G27007970	Memorial Manolo Rouco e Torneo San Froilán	2.000,00
“	Sociedade Cultural e Deportiva Milagrosa	G27152131	Torneo Reis e Campus	3.500,00
“	Asociación Deportiva Cultural Sagrado Corazón	G27183631	Torneo Fútbol verano	3.500,00
“	Asociación Lucense Automóviles Antiguos e Clásicos	G27337245	Rallye automóviles clásicos	2.000,00
“	Club Ciclista Correcamiños	G27236736	Rallye ciclista MTB	3.000,00
“	Club Lugo Fórmula	G27354620	Gastos Tempada e práctica deportiva e promoción deporte	4.000,00
“	C.D. Casás	G27038686	Gastos Tempada 3ª Nacional	4.000,00
“	C.F. Atletico Abuín	G27231786	Ligas Fútbol 7- Torneo Primavera	3.000,00
“	Club de Padel Hotel Santiago	G27350230	Torneo San Froilán	1.500,00
“	Club Padel Nuestro	G27377571	Torneo e práctica deportiva e promoción deporte	1.000,00
“	Club Tenis de Mesa Dez Portas	G27346436	Torneos e Campus	1.000,00
“	Club Arco Muralla	G27355726	Torneos e práctica deportiva e promoción do deporte	1.500,00
“	Círculo de las Artes	G27006238	Torneo San Froilán e práctica deportiva e promoción do deporte	1.000,00
“	Muralla Rugby Club	G27103423	Torneo San Froilán e práctica deportiva e promoción do deporte	1.500,00
“	Club Patíns Lóstregos Lucus	G27267483	Torneo San Froilán e Arde Lucus	2.000,00
“	Squash Muralla de Lugo	G27376318	Torneo e práctica deportiva e promoción do deporte	1.000,00
“	Escola Luguesa de Xadrez	G27211960	Torneos e escola	3.000,00

“	Club Billar Anviar	G27232313	Torneos e práctica deportiva e promoción do deporte	1.000,00
“	Escola Lucense Tiro con Arco	G27387281	Escolas e Torneos	1.000,00
”	C.D. Adarve Lugo	G27282417	Torneo Fútbol Sala	1.000,00
“	Club Tenis as Termas	G27419423	Torneo e práctica deportiva e promoción do deporte	1.500,00
“	Club Lugo Esgrima	G27355957	Torneo San Froilán e Escola	1.000,00
“	Club Lume Beisbol	G27246693	Escola e Torneo San Froilán	5.000,00
“	Alcer Lugo	G27015866	Gastos Tempada de promoción do deporte e saúde	1.500,00
“	Asoc.Deportiva Cultural Descubrindo Lugo	G27423359	Torneo práctica deportiva e promoción do deporte	2.000,00
”	Os Troiteiros	G27172097	Campionatos de pesca	2.000,00
“	CD Ritmo Lugo Dance	G27483676	Campionato Europeo	4.000,00
“	Club Star Dance	G27388867	Campionato de Baile	3.000,00
“	Gestop Rallie Team	G27384668	Gastos tempada	4.000,00
“	Peña Arbitros 9,15	G27286194	Torneo e práctica deportiva e promoción do deporte	1.500,00
“	Club Hockey Liña Cabuxos	G27218023	Cursos patinaxe	1.000,00
“	Club Shiham Kárate	G27168723	Campionato prov. e local de kárate	2.000,00
“	Club Gimnasio Senra	G27147081	Torneo San Froilán	1.000,00
“	Club Xadrez Recatelo	G27268887	Torneo	1.000,00
“	Club Tripenta	G27451582	Campionato internacional de pentatlón	4.000,00
“	A.D.C.Fútbol Sala	G27456623	Gastos Tempada	5.000,00
“	Club de Golf Lugo	G27421684	Torneo San Froilan e Torneo Concello	3.500,00
“	Club Billar Tiempos Modernos	G27291632	Torneo San Froilán	1.500,00
	TOTAL			631.500,00
92400.48900	PARTICIPACIÓN CIDADÁ			
“	Xunta de Cofradías de semana santa de Lugo	G27294891	Semana Santa	6.000,00
”	Cruz Roja	Q2866001G	Primeiros auxilios	22.000,00
“	Asociación de Dietistas e Nutricionistas Uni versitarios	G27495811	Nutrición saudable	2.000,00
“	Asociación Bandullo Ecolóxico	G27293653	Dinamización Pza. e Mercado Abastos	1.500,00
“	Asociación Comerciantes del Mercado de Quiroga Ballesteros de Lugo	G27140086	Dinamización Mercado municipal	1.500,00
	TOTAL			33.000,00

Lugo, 20 de xuño de 2019.- A EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

R. 1820

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía do 24 de xuño de 2019, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación dun Peón Tractorista para actuacións de desbroces mecanizados ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de As Nogais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa.

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web www.concelloasnogais.es e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 24 de xuño de 2019.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1821

OUTEIRO DE REI

Anuncio

De acordo co disposto no art. 199 do decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, artigo 70.2 da lei 7/1985 do 2 de abril, de Bases de Réxime local e demais disposicións de aplicación, faise público que por resolución da directora xeral de Ordenación do territorio e urbanismo de data 21 de xuño de 2017 prestouse aprobación definitiva da DELIMITACIÓN DE SULO DE NUCLEO RURAL DE ALVITE, no Concello de Outeiro de Rei, acordo que foi publicado no DOGA de data 19 de outubro de 2017.

Consecuentemente co referido no art. 199 do decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia faise constar que por resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e urbanismo de data 23 de xaneiro de 2018 ordénase a inscrición no Rexistro de Plan de Galicia con num de rexistro RPG 00008/2018.

O contido normativo da delimitación de chan de núcleo rural de Alvite é como segue:

8. MEMORIA DE ORDENACION DO NUCLEO

8.1 Ámbito delimitado.

Delimítanse un núcleo rural complexo que supoñen un total de 6,36 has das cales 2,70 Has corresponden ao núcleo histórico tradicional e 3,65 Has á parte común do núcleo.

A delimitación realizouse na medida dos posible seguindo o parcelario e as pegadas físicas marcadas por estradas, camiños e curso de auga. Cando a delimitación sobre o parcelario implicaba un excesivo fondo de edificación reducíase para non alcanzar polo xeral fondos maiores de 50 m fóra daquelas edificacións situadas a distancias superiores e que foi incluídas aínda superando a distancia de 50 m á estrada.

No caso da parte histórico tradicional do núcleo necesariamente o limite non supera os 50 m a contar desde as edificacións tradicionais tal e como se establece na LOUGA.

Procurouse abarcar todas as vivendas existentes no núcleo estendéndonos ata aqueles puntos en que existía algunha e tendo en conta o límite mínimo de consolidación que establece a LOUGA para os núcleos rurais.

Por tanto a delimitación non se realiza en base a un crecemento do núcleo senón en base a unha consolidación do mesmo. Nestes momentos o grao de consolidación global do terreo delimitado é dun 43,33 % respecto a as posibles vivendas que poden realizarse, correspondendo un 35,71% de consolidación á parte común e un 50% á parte histórico tradicional do núcleo.

8.2 Zonas de ordenación.

Dentro da delimitación establécense as seguintes zonas de ordenación nas que son de aplicación a ordenanza nuclear de Alvite coas maiores limitacións establecidas nas fichas do catálogo de elementos incluídos no plan e

as que poida establecer o organismo competente en protección do patrimonio nos informes relativos ás obras para realizar nas zonas de protección delimitadas.

- Núcleo rural común
- Núcleo rural histórico tradicional
- Ambitos delimitados de protección dos elementos inventariados.
- O sistema viario que inclúe estradas municipais principais e sistemas locais de comunicación local do núcleo e de leste coa súa contorna.

8.3. Dotacións e equipamentos existentes e previstos.

Dentro do núcleo delimitado non existen dotacións de uso público nin se prevé a súa existencia.

8.4. Trazado da rede viaria e aliñacións.

A rede viaria dentro do núcleo está composta polas seguintes categorías de vías:

- A rede de camiños municipais existentes que partindo das vías principais configuran a rede interior de camiños do núcleo.

Á hora de establecer a rede viaria do núcleo respectáronse todos os camiños públicos existentes establecendo aliñacións en función da importancia da vía:

- Nas estradas municipais asfaltadas establécense aliñacións que permiten conseguir un ancho viario de 5 m a cada lado do eixo incluído na delimitación nuclear fóra daqueles tramos que discorren polo núcleo histórico tradicional no que se reduce a 8 m co fin de respectar as edificacións existentes.
- Algúns camiños que discorren entre muros tradicionais que se inclúen no catálogo de elementos inventariados polo seu interese no ambiente manteñen o seu ancho actual
- No resto de camiños e vías interiores do núcleo establécense aliñacións xenéricas para un ancho viario de 10 m, que cando coincide co límite do núcleo considéranse 5 m desde o eixo do camiño existente.
- Á hora de definir o trazado das aliñacións que se recolle no correspondente plano de aliñacións e retranqueos tomouse como regra xeral o establecer a aliñación centrada sobre o eixo do camiño actual.

Incorpóranse como rede viaria todos os camiños existentes de titularidade pública.

8.5. Elementos protexidos dentro da delimitación nuclear.

8.5.1 Augas

Non existen dentro da zona delimitada leitos públicos superficiais susceptibles de protección. Con todo respectarase a lexislación reguladora das augas en todo aquilo que sexa de aplicación, tales como verteduras, servidumes de escorrentía, aproveitamentos de auga, etc.

8.5.2 Elementos do patrimonio cultural catalogado

Non existe no núcleo ningún elemento incluído no catálogo de elementos patrimoniais das normas subsidiarias de plan municipal.

Inclúese un catálogo de elementos do núcleo que merecen ser inventariados polo seu interese arquitectónico, artístico, etnográfico ou a súa achega á contorna no que se atopan.

8.5.3 Outros elementos protexidos.

Non existen outros elementos susceptibles de protección no núcleo.

8.6. Infraestruturas existentes e proxectadas.

Todo o ámbito delimitado conta cos servizos de abastecemento de auga, telefonía e enerxía eléctrica.

O núcleo non conta con rede municipal de saneamento.

O núcleo conta cunha rede de camiños existentes no seu maior parte asfaltados cando están destinados ao tráfico de vehículos. Existen outros camiño en terra que dado o seu ancho están destinados ao tráfico peonil principalmente. Respéctanse todos os camiños públicos establecendo as correspondentes aliñacións.

8.7. Regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias.

Son de aplicación as seguintes ordenanzas que regulan de forma detallada os usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias das edificacións:

- A ordenanza nuclear de Alvite coas determinacións incluídas na memoria de ordenación, nas fichas e na cartografía propia do núcleo.
- Ordenanza municipal de plantacións

8.8. Actuacións de carácter integral.

Non se prevén actuacións de carácter integral dentro da delimitación de núcleo rural.

8.9. Indicadores que dan lugar á necesidade de redacción dun plan especial de ordenación do núcleo rural.

- Non é necesario neste núcleo a realización dun plan especial de ordenación debido a que o presente documento xa inclúe a súa ordenación pormenorizada.

8.10. Zonificación acústica

O real decreto 1367/2007 do 19 de outubro polo que se desenvolve a lei 37/2003 do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas establece no seu artigo 5 que para os efectos do desenvolvemento do artigo 7.2 da lei 37/2003 do 17 de novembro, na planificación territorial e nos instrumentos de plan urbanístico, tanto a nivel xeral como de desenvolvemento, incluírase unha zonificación acústica do territorio en áreas acústicas de acordo coas previstas na citada lei.

As áreas acústicas clasificaranse, en atención ao uso predominante do chan, nos tipos que determinen as comunidades autónomas, as cales haberán de prever, polo menos, os seguintes:

- a) Sectores do territorio con predominio de chan de uso residencial.
- b) Sectores do territorio con predominio de chan de uso industrial.
- c) Sectores do territorio con predominio de chan de uso recreativo e de espectáculos.
- d) Sectores do territorio con predominio de chan de uso terciario distinto do contemplado no parágrafo anterior.
- e) Sectores do territorio con predominio de chan de uso sanitario, docente e cultural que requira de especial protección contra a contaminación acústica.
- f) Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen.
- g) Espazos naturais que requiran unha especial protección contra a contaminación acústica.

